FORO A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 47 | Novembro de 2021 | PRECIO 2 EUROS

Salceda e Salvaterra de Miño presentan o seu obradoiro de emprego "SuStentable"
Páxina 3

Ponteareas amplía a sete rúas a área urbana de preferencia peonil
Páxina 6

Zona Franca porá en marcha un plan estratéxico para Ponteareas e o Condado
Páxina 7

Mondariz: Novo modelo de subvención de actividades socioculturais
Páxina 10

Carmela Silva visitou A Cañiza
Páxina 11

Outono Gastronómico de Mondariz
Páxina 11



## César Lago e Antonio Cajide

### Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga

# "De Monte Faquiña ningunha empresa marchou para Portugal"

páxina 9

## Portugal - Alto Minho

Entrevista



### José Manuel Carpinteira
### Presidente da Câmara Municipal de Valença

"Queremos investir na área cultural, no sentido de que, dentro da fortaleza, haja mais do que comércio"

Páxina 14

Portugal irá a novas eleccións xerais o 30 de xaneiro
Páxina 12

Banda de Monção e Miguel Ângelo gravam música
Páxina 13

Presidente de Valença reuniu com Águas do Alto Minho
Páxina 15

Portugal: contra o lítio… no Minho
Páxina 16



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

# O Concello recibe a Cándido Carrera tras un fito histórico do deportista local

Cándido Carrera, o copiloto Salvaterrense que ven de acadar o 3º posto no Rally RACC Catalunya- Costa Daurada do Mundial de Rallies con Dani Sordo, converténdose no séptimo copiloto Español da historia en facer pódium nun Mundial (primeiro Pontevedrés), visitiu á Alcaldesa do Concello, Marta Valcárcel Gómez, e ao Concelleiro de Deportes Edgar Martínez Philippon na Casa do Concello.



# Salvaterra comprometida co clima

Despois da aprobación do Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible de Salvaterra de Miño, o concello avanza aprobando varias modificacións no seus impostos que incentivan o uso de enerxías limpas. Haberá un desconto do 30% da cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmobles onde se aproveite a enerxía solar; bonificación no Imposto sobre a Circulación de Vehículos de Tracción Mecánica dun 50% para os vehículos “cero emisións”; unha bonificación do 30% da cota para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que utilicen ou produzan enerxía a partir de instalacións para o aproveitamento de enerxías renovables ou sistemas de coxeración no Imposto de Actividades Económicas. O concello ven de aprobar tamén, o convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Vigo.

# Campaña de sensibilización ambiental nos centros educativos do municipio

O Concello de Salvaterra pon en marcha, xunto cos Centro Educativos, un programa de sensibilización e concienciación para a correcta recollida de lixo.

Sabendo que temos hábitos pouco recomendables para garantir o noso ecosistema, o que se persegue con este programa é concienciar dende abaixo, dende os Centros Educativos para que os nenos inclúan a reciclaxe como algo natural nas súas vidas. Desde xeito, o futuro de Salvaterra e do noso planeta será máis sostible e menos violento de cara a contaminación do noso Ecosistema.

# Suspensión do servizo de atención temperá

Debido a tramitación do convenio entre os Concellos de Arbo, Salvaterra de Miño e Crecente coa Consellería de Política Social para poder seguir prestando o Servizo de Atención temperá dentro do marco da Rede Galega e o procedemento administrativo que conleva, o servizo vese suspendido temporalmente para volver a tramitar o convenio de colaboración entre ditos concellos, xa que debido aos requisitos esixidos non se pode facer de forma individual por cada concello, coa intención de reactivalo o antes posible e seguir dando resposta á demanda e necesidade da nosa poboación infantil.

# Programa TEI para prevención do acoso escolar

O pasado venres tivo lugar no IES Salvaterra de Miño a presentación das parellas TEI. O acto contou coa presenza da alcaldesa de Salvaterra de Miño dona Marta Valcárcel e o presidente da ANPA do centro educativo, don Marcelo Sánchez.

O programa TEI (Titoría Entre Iguais) é unha estratexia de convivencia enfocada, fundamentalmente, á integración do novo alumnado e á prevención do acoso escolar. O alumnado de 3º de ESO, con experiencia xa no centro educativo, presta apoio, sobre todo de tipo emocional, pero tamén axuda na resolución de conflitos, ao alumnado de 1º de ESO que, a priori, é alumnado máis vulnerable debido á súa recente incorporación ao centro escolar. O programa TEI vén funcionando dende hai varios anos no IES Salvaterra de Miño pero, por mor da pandemia, non foi posible poñelo en práctica na súa totalidade durante o curso 2020-2021. Responsables do centro educativo confían en que este ano poida desenvolverse na súa totalidade e que isto axude á mellora da convivencia.

Outras estratexias deste centro a prol da mellora da convivencia que xa se están poñendo en práctica son a mediación escolar, as prácticas restaurativas ou unha aula de convivencia activa.



# Os concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño presentan o seu obradoiro de emprego "SuStentable"

As alcaldesas dos concellos de Salceda de Caselas, Verónica Tourón, e de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, presentaron este venres 22 de outubro o obradoiro de emprego "Sustentable", acompañadas de Ana Ortiz, secretaria territorial da Xunta de Galicia en Vigo. Ana Gómez Gómez conduciu o acto como directora do obradoiro.



O obradoiro empregará a 20 persoas dos dous concellos, e contará con dúas actuacións, unha na especialidade de Servizo de limpeza e xestión de residuos urbanos, no que se realizarán tarefas de limpeza e mantemento de superficies e mobiliario en edificios e locais municipais, e outra actuación na especialidade de Forestal-xardinería, no que se porá en valor o parque forestal Monte Castelo, na parroquia de Pesqueiras, no Concello de Salvaterra.

O alumnado seleccionouse a través de oferta presentada no Servizo Público de Emprego de Galicia, e tras superar as probas dun tribunal avaliador segundo as bases aprobadas, e será empregado a través dun contrato de formación e aprendizaxe.

Para levar a cabo o proxecto contratouse persoal directivo, docente e de apoio, en total cinco profesionais, que xestionarán e executarán o proxecto dende o propio CDL O Torrón en Salceda, levando a cabo a primeira etapa do proxecto que é a formativa, que se complementará cunha segunda etapa de alternancia de traballo e práctica profesional nos dous concellos, para así recibir unha formación profesional adecuada á ocupación elixida.

O obradoiro formará a 10 persoas no ámbito da limpeza, nos certificados de profesionalidade SEAG0209 Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais, e SEAG0108 Xestión de residuos urbanos e industriais. E a 10 persoas no ámbito forestal e de xardinería, nos certificados AGAR0309 Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes, AGAR0108 Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería, e AGAR0108 Aproveitamentos forestais.

Ambas alcaldesas coincidiron en destacar a importancia deste tipo de colaboracións entre a Xunta de Galicia e os concellos, xa que doutro xeito non se poderían levar a cabo estes proxectos, que permiten a inserción laboral e melloran a empregabilidade.

# Replantación de especies autóctonas na Illa Fillaboa co proxecto "Visit Río Minho"

O Concello de Salvaterra de Miño a través da AECT Río Miño e en colaboración coa Deputación de Pontevedra é beneficiario do proxecto "Visit Río Minho", un proxecto ecoturístico, financiado un 75% por fondos europeos e que conta cun orzamento total de 2 millóns de euros que están sendo investidos na preservación e valorización do territorio Río Miño transfronteirizo, o cal abarca 26 municipios galegos e portugueses.



O obxectivo de " Visit Rio Minho" é a capitalización do río e do territorio adxacente a través de actividades transfronteirizas preservación, cualificación e valorización ambiental dos recursos endóxenos asociados á promoción e comunicación do río como destino turístico, e dentro das diferentes accións a realizar está a replantación de especies autóctonas na Illa Fillaboa, co fin de potenciar o aproveitamento das condicións naturais da Illa Fillaboa.

A través desta acción preténdese mellorar a vexetación do propio entorno e convertela nun referente de aprendizaxe do medio ambiente, pasando a ser unha visita obrigada en Salvaterra para todos os que desexen gozar da natureza do río Miño e a súa contorna. Replantación que complementa o resto de acción que se levarán a cabo dentro do Proxecto Europeo Río Miño destino navegable, que busca por en valor o entorno do Miño dunha forma sustentabel.

A Illa Fillaboa, de titularidade municipal, encóntrase na desembocadura do río Tea, dentro do LIC (Lugar de Importancia Comunitaria) do Baixo Miño ES114007, incluída en Rede Natura 2000, e conta cunha superficie en torno aos 100.000m2. Nesta acción plantaranse árbores das especies: quercus suber, quercus Robur, Alnus Glutinosa, Laurus Nobilis, Fraxinus Angustifolia e Acer Pseudoplatanus.



CONDADO/PARADANTA

# Avelaíña atendeu a máis de 73 usuarios e familias en Ponteareas ao longo do 2020




Dende hai case 25 anos a Asociación Avelaíña traballa para potenciar a inclusión das persoas con problemas de saúde mental mediante a promoción da súa calidade de vida e da dos seus familiares. En 2021 a entidade xa atendeu en Ponteareas a 37 persoas e familias ás que se lle prestou o servizo de información e asesoramento, de apoio psicolóxico ou de apoio comunitario.

Ao longo de 2020, a asociación traballou en Ponteareas con 46 usuarios e usuarias e 27 familias levando a cabo un conxunto de intervencións dirixidas a previr a exclusión social das persoas con problemas de saúde mental de forma presencial, telefónica ou en domicilio.

O Concello de Ponteareas colabora coa asociación no financiamento do Programa de integración de persoas con enfermidade mental no seu ámbito comunitario, que inclúe unha serie de obradoiros que teñen como obxectivos mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental e dos seus familiares e mellorar a súa atención na súa contorna psicosocial e comunitaria máis próxima. Un proxecto piloto no que un equipo de profesionais se desprazan ata os domicilios das persoas que polas características da súa enfermidade teñen algunha limitación que lles impida acceder a outros recursos da propia comarca, con atención e intervención de proximidade especialmente no ámbito rural e acompañamento comunitario ás familias, potenciando o desenvolvemento dunha rede de axuda mutua.

# Melania Rodríguez, campioa de España absoluta en Dobre Minitramp e bronce en trampolín




A ponteareá Melania Rodríguez Muñoz, integrante do Club Ximnasia Burgas, vén de facerse co título de campioa de España absoluta en Dobre Minitramp e de conseguir a medalla de bronce na categoría absoluta en Trampolín na competición disputada a pasada fin de semana en Ourense.

O Goberno ponteareán trasladoulle os seus mellores desexos para a vindeira cita no Campionato do Mundo absoluto que se celebrará en Bakú (Azerbaixán) do 18 ao 21 de novembro, onde competirá en trampolín e dobre minitramp.

# Biblioteca de Salvaterra homenaxea a súa coordinadora Aurora Ramilo



O 22 de outubro tivo lugar no CEIP de Leirado un acto de recoñecemento ao traballo da persoa que durante 15 anos liderou o equipo de biblioteca do centro, biblioteca incluída no Plan LIA-2.

Ao acto asistiron D. César Pérez Ares, Xefe Territorial de educación da provincia de Pontevedra; Dna. Marta Valcárcel, Alcaldesa de Salvaterra; D. Manuel Torres, Inspector Xefe; D. Carlos Antuña, Inspector do centro; D. Francisco Díaz, Asesor de Bibliotecas Escolares de Galicia; e Dna. Carmen Vaz, asesora do CFR de Vigo e o alumnado, profesorado e equipo directivo do centro.

Neste acto, a Comunidade Educativa do centro agradecía a oportunidade dada pola Administración Educativa de formar parte dos centros incluídos no plan LIA-2 e o traballo realizado por quen fora coordinadora da biblioteca escolar ata o momento da súa xubilación, Dna. Aurora Ramilo e que a situaron na vangarda dos espazos educativos.

Neste acto descubriuse unha placa conmemorativa que nomea á biblioteca do centro como "Biblioteca Aurora Ramilo".

# Detectores de fume para os maiores de 65 anos

O Concello de Salvaterra recorda que ten a disposición das persoas maiores de 65 anos un detector de fume para a súa vivenda, de mínimo mantemento e de fácil colocación, dentro da campaña de prevención contra incendios.









EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



# Pan e rosas

Hoxe imos botar man dun traballo publicado no xornal “Le Monde Diplomatique”, versión en castelán, deste mesmo mes de outubro, que se titula “Elogio del descrecimiento”.

Creo que nos marca unhas pautas de conduta que non deberiamos botar en saco roto. Vexamos, logo, unha síntese deste traballo.

A reactivación da economía mundial tranquiliza os medios de comunicación, a inversores e a responsables politicos. Pero, o crecemento actual pode garantir o futuro da humanidade?

Hai quen rexeita ese tipo de crecemento e propón un novo enfoque dos retos medioambientais, sociais e democráticos a escala global.

Arredor do concepto “decrecemento” estase a constituír unha plataforma internacional de fecundos debates. A posibilidade dun crecemento infinito nun mundo finito xa non pode levar a engano a ninguén. Neste mundo desigual, produtivista e consumista, o “cada vez máis” acada os seus límites. No entanto, os partidarios do decrecemento ofrecen perspectivas de xustiza social, emancipación e alegría vital.

O crecemento calculado como se fai na actualidade baseado no aumento anual do valor engadido, constitúe unha aberración física porque ten unha relación directa coa produción e o consumo. Un 3% do crecemento actual conduce a dobrar a nosa produción (e o noso consumo) cada 24 anos. Nun século produciremos 18 veces máis. O sentido común dinos que debemos abandonar esa carreira. Quen pode asegurar que a escala global somos máis felices que hai cincuenta anos?

Un sentido inverso sería igualmente absurdo. O obxectivo non é decrecer, senón “descrer”, sae da relixión do crecemento; pasar dunha planificación cuantitativa a unha reflexión cualitativa sobre o sentido das nosas actividades e das nosas vidas. Responder ás nosas necesidades fundamentais de maneira sostible, por suposto, pero tamén fraternal e xusta.

A relixión do crecemento segue moi presente tanto na dereita como na esquerda; incluso en ambientes ecoloxistas. Un dos grandes desafíos nestes momentos sería a redución drástica das nosas emisións de gases de efecto invernadoiro. Pero , a menos que superemos as leis da física, parece pouco probable, que vaiamos substituír as enerxias fósiles (petróleo, gas, carbón) que supoñen a día de hoxe o 84% do noso consumo. Logo non nos queda outra que reducir o noso consumo de enerxía.

Temos que renunciar ao produtivismo. Pese as recentes e substanciosos investimentos, a enerxía eólica ou solar supoñen menos do 3% da enerxía primaria mundial e xa está creando tensións. Logo, a transición enerxética só poderá acometerse cunha redución das nosas actividades que consumen máis enerxía.



Nestes momentos só atendemos á dimensión económica da innovación, convertida en sinónimo de progreso técnico. Non hai que rexeitar a innovación técnica cando se sustenta nunha reflexión social e cultural. Un crecemento infinito da poboación terrestre é tan absurdo coma un crecemento enerxético infinito.Isto responde á cuestión central da demografía poñendo o acento nunha xustiza social planetaria. A Historia ensínanos que as poboacións que acadan un nivel de vida decente e acceden á educación reducen por si mesmos o número de fillos. Preto dun centear de países de todos os continentes xa teñen unha fecundidade inferior ao reemprazo xeracional. A inercia dos fenómenos demográficos levaranos a ser máis de 10.000 millóns de terrícolas nalgunhas décadas, o control do crecemento poboacional só resulta problemático nunha parte da Africa subsahariana. Faise necesario compartir alimento e o acceso a auga, o que implica poñer en cuestión os nosos modos de produción e consumo.

Por outra banda, o envecellemento da poboación esixe qyue dediquemos máis recursos e tempo á sanidade e á atención médica; aos servizos e á produción dunha alimentación de calidade, menos cárnica, relocalizada e rexeneradora da biodiversidade.

O abandono do capitalismo por si só nun é suficiente. Faise preciso renunciar tamén ao produtivismo, ao consumismo; deixar de percibir e organizar a sociedade en base ao único prisma da economía. A isto sumarlle unha crítica radical do tecnocientificismo, esa alienación que considera que a técnixca pode resolvelo todo. Que o decrecemento teña nacido arredor da crítica do desenvolvemento non é unha casualidade.

O modelo de civilización occidental impúxose mediante a violencia; primeiro entre as poboacións dos territorios onde naceu, como Inglaterra, no século XVI e coa Revolución Industrial; a continuación no conxunto do planeta mediante a colonización.

Aínda que os occidentais non teñan lexitimidade para prohibirlles aos demais que os sigan á súa rúa sen saída consumista, teñen a dobre obriga de recoñecer a súa responsabilidade nas catástrofes en curso e en deter a explotación dos países do Sur. Só un decrecemento do consumo no Norte permitirá aos do Sur retomar as rendas do seu destino. É a condición indispensable para rematar coa explotación dos seus recursos que xenera inxerencias políticas e económicas. Seguir polo mesmo camiño cun crecemento chamado “verde” só servirá para perpetuar esa dinámica colonial, como nos lembran os exemplos do Congo, pais estratéxico polas súas minas de cobalto (necesario para a industria dixital e para as novas tecnoloxías), ou de Bolivia, cos seus recursos de litio (utilizados nas baterías eléctricas).

O acceso das clases medias de China, India ou Brasil ao estilo de vida occidental non pode facernos esquencer a crítica do desenvolvemento e os estragos que está a causar nestes países do mundo, porque ao final os chinos son as primeiras vítimas da contaminación asociada á produción do que se consome nos países occidentais. Dado que o Norte é o responsable do 90% das emisións de gases de efecto invernadoiro, só sairemos desta rúa sen saída no que o planeta enteiro está metido a través dun diálogo co Sur e cos países emerxentes recoñecendo esa responsabilidade histórica.

O obxectivo xa non é crecer, senón compartir. Reflectir en torno ao decrecemento lévanos a interesarnos polos conceptos de renda básica, gratuidade, o sistema de intercambio local, nexo entre unha renda básica e o acceso aos servizos públicos e bens de primeira necesidade. Esta dotación garantiría a toda persoa , dende o nacemento ata a morte, de maneira individual e incondicional, condicións de vida dignas. Atribuiríaselle en forma de dereitos de utilización sobre os recursos (auga, enerxía, superficie para aloxarse ou realizar actividades, alimentación) e o acceso aos servizos (educación, sanidade, transportes, información e cultura), pero tamén noutros sistemas de intercambio non especulativos, como moedas locais. Por último, sistemas democráticos máis directos e deliberativos poderían presentar as cuestións primordiais: que producimos, como, con que fin?

Este proxecto xeral tamén esixe, ademais dun ingreso máximo e dunha reflexión arredor da distribución do patrimonio, elemento crucial nas desigualdades, a realización de auditorias de débeda pública e privada; unha reflexión sobre o papel dos bancos e a criación monetaria.

“Pan e rosas”, un poema de James Oppenheim, convertido en himno de moitos movementos obreiros no século pasado. Sempre fará falta pan, por suposto, pero saboroso e se é posible producido localmente, a partires de fariñas biolóxicas que procedan de métodos de produción rexeneradores de biodiversidade.

Pan que se comparte arredor duns bos pratos sen présas; e tamén rosas, pero non cultivadas baixo horrendas condicións sociais e medioambientais en África e importalas en avións frigoríficos.

O decrecemento cuestiona a nosa relación co tempo, co territorio, coas actividades, necesidades e costumes. Articula un proxecto de reapropiación dos nosos desexos, tanto no Norte coma no sur, liberándonos da manipulación publicitaria, así como dos medios de comunicación que pastorean unha sociedade de desigualdades e gastos innecesarios.

A altermundista maliense Aminata Traoré lémbranos con frecuencia a necesidade urxente de romper coa “violación do imaxinario” que constitúe a sociedade de crecemento. De emanciparse dela coa ambición de crear abundancia alí onde reina a miseria e frugalidade, alí onde proliferan os excesos.

FORO A PENEIRA

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e correción:** Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 226-2018

# Ponteareas amplía a sete rúas a área urbana de preferencia peonil e tráfico a motor limitado

O Concello de Ponteareas redactará nos vindeiros meses os proxectos de humanización de sete rúas situadas na contorna da Praza de Bugallal e da Casa do Concello, tras recibir da Deputación Provincial, a través da Rede Ágora, unha subvención de 50.000 euros para ese fin. Trátase de catro rúas que desembocan na Praza de Bugallal: Vidales Tomé (2º tramo), Morales Hidalgo (1º tramo), Senén Canido e Constitución. A estas únense ademais as rúas Concha Brey e o primeiro tramo de Reveriano Soutullo e de Virxe dos Remedios.

A redacción dos proxectos e posterior execución das obras enmárcanse no compromiso do Concello de Ponteareas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel das Nacións Unidas e da Axenda 2030, para facer fronte a retos coma o cambio climático. Todas esas rúas foron delimitadas nos últimos días coa colocación de xardineiras de grandes dimensións e sinalización para destinalas a un uso preferente peonil e limitar a presenza de vehículos aos supostos de necesidade para a vida social e económica.

Poden acceder a esa zona aqueles vehículos que o precisen para cargar e descargar obxectos voluminosos ou pesados, sexan residentes, comerciantes, transportistas ou clientela de comercios, sempre que eses obxectos non sexan transportábeis a pé. Tamén poden acceder vehículos que precisen deixar ou recoller a persoas con mobilidade reducida e, por último, usuarios de garaxes e servizos de taxi e de emerxencia. Neses supostos permitidos os vehículos deben circular a 10 km/h como máximo, dar prioridade sempre aos peóns e unicamente poderán parar polo tempo imprescindíbel, en todo caso inferior a 15 minutos.

O Concello salienta que "este sistema, ademais de dar máis espazo para as persoas, reducir o tráfico e a contaminación no centro urbano, facilita tamén a actividade comercial e social. As persoas que realmente teñen necesidade de acceder con vehículo a esas zonas agora terán asegurado espazo para realizar a parada e a súa xestión comercial ou persoal diante do destino, algo que antes era imposíbel; para o resto dos casos nos que non é preciso levar o coche até a porta da vivenda ou do comercio o Concello ofrece aparcadoiros con centos de prazas dispoñíbeis a menos de 2 minutos da entrada a esas rúas".

Atendendo á variedade de supostos autorizados, non se empregará o sistema de tarxetas de autorizados senón que a Policía Local comprobará in situ se a presenza dun vehículo nesa zona se corresponde cos casos autorizados e polo tempo máximo permitido.

# Novos sentidos na circulación do centro da vila




O Concello de Ponteareas vén de reordenar os sentidos de circulación do tráfico rodado na mazá conformada polas rúas Virxe dos Remedios, Daniel Ojea, Vázquez Fraile e Mestres, invertendo os seus sentidos de circulación.

Esta medida ten entre outras finalidades facilitar un novo acceso á rúa Virxe dos Remedios e Daniel Ojea sen necesidade de circular pola nova área de preferencia peonil de Concha Brey e Reveriano Soutullo.

# O PP solicita que rematen xa as obras de Praza de Bugallal para non prexudicar ao comercio no Nadal

O Grupo Municipal do PP solicita a finalización urxente, na primeira metade de novembro, das obras de Praza Bugallal para que os comerciantes e hostalería da zona non vexan afectados os seus negocios na época de compras e vacacións de Nadal.

"Levan 14 meses sufrindo as obras desta actuación que non fai máis que atrasarse e encarecerse día tras día. É unha remodelación coa que o noso grupo e veciños residentes na zona nunca estivemos de acordó, porque non aproveitaron a reforma para contemplar un aparcamento soterrado, tan necesario, e porque decidiron romper a estética da contorna tanto co deseño como coa calidade dos materiais seleccionados, utilizando formigón en lugar dun pavimento en pedra", explicaron os populares.

# ACiP denuncia incumprimentos no baleirado das fosas sépticas

Dende ACiP denunciamos o incumprimento reiterado da empresa adxudicataria do baleirado das fosas sépticas en Ponteareas. Moitos veciños afectados por esta problemática póñense en contacto con nós, polo incumprimento reiterado dos pregos do contrato e observando a inacción por parte do Goberno bipartito. Os veciños fan a solicitude e pagan a taxa correspondente (45,72 €) pero non reciben o servizo nas 36 horas seguintes, como estipula o contrato, senón que os períodos dilátanse ate dous meses. A tardanza leva a moitos veciños a contratar a terceiras empresas, cun custe polo servizo superior os 300 €, polo tratamento dos residuos.









# Zona Franca porá en marcha un plan estratéxico para Ponteareas e o Condado


*David Regades e a alcaldesa Cristina Fernández (ao centro) tras a xuntanza no Concello.*

Ponteareas sumouse á vintena de concellos da provincia de Pontevedra que xa asinaron o protocolo para participar na elaboración dun plan estratéxico, que elaborará o Consorcio da Zona Franca de Vigo, que permitirá aos municipios e as súas comarcas afrontar os retos da etapa postcovid e impulsar o seu crecemento económico.

O delegado do Estado, David Regades, e a alcaldesa, Cristina Fernández Davila, asinaron o protocolo no Concello de Ponteareas.

O plan estratéxico incluirá unha exhaustiva diagnose territorial, os obxectivos estratéxicos e unha folla de ruta con actuacións específicas, claras e realistas para a mellora da competitividade económica e a calidade de vida na comarca do Condado, na que o concello de Ponteareas ten un peso significativo.

Entre os obxectivos están establecer as directrices para unha estratexia que supoña un proxecto a longo prazo, facilitar a transformación e o cambio cara a retos futuros, aproveitar as sinerxias e o potencial do territorio, así como as posibilidades de colaboración público-privada, definir actuacións específicas que supoñan un impulso definitivo para o crecemento económico e articular liñas de actuación, acordes coa Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible, Axenda 2030.

O plan ten sete fases: diagnóstico estratéxico, workshops, estudio de casos de éxito, liñas estratéxicas, plan operativo, propostas de colaboración e monitorización para o seu cumprimento. O traballo farase tendo en conta a repercusión social e económica que está a ter a crise da Covid-19. Tamén conterá unha folla de ruta para posibles colaboracións no ámbito institucional e empresarial público-privado e se formularán unha batería de indicadores que faciliten a avaliación e seguimento periódico das accións emprendidas e permita a toma de decisións e establecemento de medidas correctoras.

# O CNPonteareas, vencedor absoluto do XXII Trofeo da Amizade



O Club Natación Ponteareas foi o gran vencedor do XXII Trofeo da Amizade, disputado no Complexo Deportivo Álvaro Pino e que acolleu a preto de 300 deportistas. Un récord de inscrición de participantes, entre os que se atopaban os nadadores e nadadoras máis prometedoras do panorama galego e estatal e outros xa consagrados como a nadadora Bea Gómez, participante nos Xogos Olímpicos de Londres en 2012. O club ponteareán alzouse coa vitoria por equipos, así como na feminina e masculina.

# A web do Concello estrea a sección adicada a igualdade

O Concello de Ponteareas continúa dando pasos para converterse nun municipio inclusivo e libre para todos e para todas coa estrea dun novo apartado web adicado a igualdade. A concelleira de Igualdade, Verónica Carrera, explica que a través del toda a veciñanza poderá acceder a información e recursos "para aprender a educar en valores, para loitar contra a discriminación e para dar visibilidade ao colectivo LGBTQI+ da vila do Tea".

A sección de igualdade na web conta con cinco eixos: Recursos, LGBTQI+, Educar en igualdade, Violencia de xénero e Políticas de igualdade de trato e oportunidades, así como un deseño informativo sobre o CIM de Ponteareas. En Recursos a veciñanza poderá acceder a guías de boas prácticas e de linguaxe inclusiva, en LGBTQI+ recóllese información sobre actividades que realiza o colectivo, en Educar en igualdade hai propostas de xogos educativos, en Violencia de xénero recóllense os dereitos das mulleres en situación de maltrato e o protocolo de actuación e, por último, en Políticas de igualdade de trato de oportunidades a veciñanza pode coñecer como traballa o CIM e o Plan de Igualdade do Concello.









# O PP de Ponteareas critica o aumento da presión fiscal sobre a veciñanza

O Grupo Municipal do PP lamenta os datos negativos da conta Xeral e solicita "cabeza e sentidiño" ao bipartito en relación ao gasto e á recadación.

O Grupo Municipal do PP critica o aumento da presión fiscal sobre os veciños nun ano de pandemia como foi 2020. "No 2013 a recadación foi de 5,8 millóns, e en pleno ano 2020 coa crise Covid, e o Estado de Alarma vostedes recadan 7,7 millóns de euros"

O bipartito recibiu axudas de todas as administracións e aínda


*Belén Villar,voceira do PP Ponteareas.*

así adquiriu múltiples préstamos (máis de 14 millóns de euros) que endebedaron ao Concello de Ponteareas para os próximos 25 anos. "De 13,5 millóns de euros existentes en orzamento só executaron 2,6 millóns, un 81% menos ", advertiu a portavoz Belén Villar, facendo referencia aos 300.000 euros para rehabilitar centros culturais, partidas para o saneamento das parroquias, 200.000 euros para impulsar o Plan parcial dá Lomba ou para o mantemento de instalacións municipais como a Residencia, a Escola Infantil, a cuberta da piscina que necesita cambiarse ou o Auditorio que está pechado desde hai un ano"

# Ponteareas duplica o orzamento do servizo de emerxencias

O servizo municipal de emerxencias de Ponteareas, que atende a toda a comarca, duplica o seu orzamento ao equipararse á categoría de Grupo de Emerxencias Supramunicipal. Ó servizo pasa de ter unha partida de 155.000 a 310.000 euros anuais, segundo a proposta realizada pola Xunta de Galicia durante a celebración da Comisión de Seguimento dos GES na que participou a alcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, e na que se abordou a renovación do convenio de financiamento entre Xunta, deputacións e municipios.

A pesar da importancia do incremento, o Concello avisa de que esa suba é insuficiente para cubrir a totalidade dos custos e xa solicitou durante o encontro que se revise e incremente a partida. "Durante o 2020 o gasto de persoal que tivo Ponteareas neste servizo foi de case 370.000 euros, polo que o servizo quedarían unha parte importante de gastos sen cubrir".

# ACiP advirte que o Concello está en risco de non poder asumir a prestación de servizos públicos

O bipartito pontareán pasa nunha soa lexislatura de non deber nada a deber 15 millóns de euros, pondo en risco a viabilidade económica actual e hipotecando o futuro.

No Pleno Extraordinario do xoves 4 de novembro, o punto primordial é a aprobación dunha nova póliza de crédito por valor de 2 360 000 €, que incrementará aínda máis o burato financeiro de Ponteareas. Para ACiP esta nova solicitude de préstamos é unha sorpresa, pois a débeda do consistorio xa é desorbitada. Os compromisos adquiridos con entidades bancarias por parte do Concello elévanse por riba dos 15 000 000 €, cando ao inicio da lexislatura a débeda era de 0 €. Para o portavoz de ACiP Juan Carlos González Carrera «este gasto descontrolado déixanos estupefactos. Non confían en revalidar a alcaldía, senón non se entende que sigan incrementando a débeda a 10 e 15 anos, hipotecando e imposibilitando a acción dos próximos gobernos da cidade».

# Ledicia Costas no Club de Lectura da Biblioteca

A escritora Ledicia Costas, Premio Nacional de Literatura en 2015, visitou o Club de Lectura da Biblioteca Municipal de Ponteareas para falar cos seus integrantes dunha das súas obras máis importantes: "Infamia".

Na actividade participou o concelleiro de Cultura, Fernando Groba, quen aproveitou para indicar que é a primeira vez que o Club de Lectura recibe a unha Premio Nacional de Literatura. As actividades do Club de Lectura enmárcanse dentro do programa de animación á lectura para adultos.

Os interesados en participar no Club de Lectura deben poñerse en contacto coa Biblioteca chamando ao 986 660 765 ou enviando un correo a bibliotecamuseo@ponteareas.gal.

# Esquerda Unida presenta unha emenda aos orzamentos do estado para a urbanización da N-120

Esquerda Unida de Ponteareas enviou unha emenda á súa organización federal para que se contemple nos orzamentos do estado de 2022 unha partida de catro millóns de euros para a urbanización da N-120. É prioritario para garantir a seguridade viaria nun tramo cunha moi alta densidade da poboación. Os peóns vense na obriga de camiñar pola beiravía e a cruzar a estrada sen ter ningún lugar habilitado para elo. É unha demanda histórica da veciñanza de Ponteareas e de sobra coñecida polas institucións.

# Nota rectificativa

Na homenaxe a Xosé Represas, organizado polo BNG de Ponteareas, o pasado 25 de setembro, xunto a Ana Pontón e Cristina Fernández, interviu o responsable local Bolívar González e non Nemesio Boente, como puxemos no artigo publicado no número anterior do noso xornal. Desculpen o erro.







Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

## César Lago e Antonio Cajide | Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga

# "De Monte Faquiña ningunha empresa marchou para Portugal"


*César Lago (esquerda) e Antonio Cajide na sede da Asociación de Montes Veciñais En Man Común de Tameiga (Mos)*

A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Tameiga está tratando de poner orden a desfeita que o Concello de Mos, de xeito ilexítimo, creou nunha parte do monte comunal, o chamado polígono industrial de Monte Faquiña.

Para ter claro o que está ocorrendo entrevistamos a César Lago (CL), actual presidente da Comunidade e con Antonio Cajide (AC), quen foi o seu presidente (2005-2016)

**Cal é a orixe do problema?**

(AC) Habería que comezar dicindo que estes terreos de Monte Faquiña sempre foron da Comunidade de Montes. Non obstante, o Concello de Mos xestionaba unha parte dos terreos e facía concesións a empresas. Todo estaba mais ou menos, ata que o Concello decidiu vender. Xa non era unha concesión de uso senón a venda dunha parcela, en concreto á empresa Rodman. Foi cando a Comunidade de Montes reclamou todo iso, xa fai máis de vinte anos. En 2004, a xustiza en primeira instancia deunos a razón pero deixou fóra unhas cantas empresas que se instalaron despois desa reclamación. Esas empresas, sen embargo, recoñecen a titularidade dos vecinos sobre o Monte Comunal de Tameiga. Fumos a outro pleito en 2016 dentro do que é o perímetro de Faquiña. E a xustiza volveunos a dar a razón.

**O vindeiro 23 de novembro tedes o xuízo cos empresarios instalados en Monte Faquiña. Cal é a proposta que vos ofrecedes?**

(CL) Non son con todos os empresarios, son con catro deles.

(AC) En realidade é só cun empresario. Trátase de Manuel Ferreira, da empresa Telenet Central Logística, porque os outros tres van da man deste empresario. Non é un xuízo contra os empresarios de Faquiña.

**Pero tedes algunha proposta en concreto con el?**

(AC) A proposta nosa é un novo arrendamento, sen embargo el quere seguir nas mesmas condicións que leva desde fai cincuenta anos. Os prezos teñen que ser actualizados.

**Pero eses prezos son estándar ou varían de acordo ao terreo?**

(AC) Hai unha pequena horquilla entre 2,5 e 3 euros por metro cadrado, e a horquilla vai depender da ubicación, digamos das que teñen moi bos accesos ao aeroporto de Peinador. Estes prezos están por debaixo da media do mercado, nós recadamos información doutros polígonos como Valladares, a PLISAN, Porto de Molle.

**Qué pinta a Alcaldesa en todo isto? Por qué está tan enfrontada coa Comunidade?**

(AC) É difícil sábelo; pode que lle moleste o feito de que a vía xudicial determinou que o monte comunal de Tameiga pertence aos veciños e non o Concello. Pero tamén existe unha cuestión económica. Antes recadaban uns 200.000 € ao ano e facían con iso o que lles petaba. Agora non poden facelo. Acaba de convocar aos empresarios e non tivo en conta aos donos do terreo. E que non era unha convocatoria ou reunión. Era simplemente lernos a cartilla publicamente diante os medios de comunicación.

**Pero teño entendido que estiveron presentes tamén os representantes políticos da Corporación Municipal.**

(CL) Estaban AEMOS, algúns empresarios, parte da Corporación Municipal. Precisamente, a oposición (BNG, PSOE e Gaña Mos) fixo a suxerencia de por qué non estábamos nós alí, qué clase de reunión era esa e por qué non estaban nela todas as partes involucradas.

(AC) Crean un problema onde non existe, por iso non nos chaman. Estamos xestionando 26 empresas dende fai catro anos que nos deixaron como se fora un puzzle. Non tiñan actualización de alugueres nin cumprían coas cláusulas. Levamos catro anos poñendo todo ben e ao día. Dos 26 empresarios só quedan oito por renovar contrato. Deses, a catro aínda lles caduca dentro de oito anos, aos outros catro está a piques de rematar. Son os que están "dirixidos" por Manuel Ferreira para facer unha especie de fronte común, para facer forza.

**Podemos pensar que os empresarios están utilizando ao Concello como escudo para defender os seus intereses?**

(CL) Pensamos que é todo o contrario; o Concello está utilizando ás empresas para botar á xente contra nós. Dinlles que queremos botar á xente á rúa, que estamos poñendo en perigo a vida de 800 familias, e cousas polo estilo. Este tema é unha peza que abarca un puzzle moito máis grande que é o tema do R.C.D Celta de Vigo. Aí está nai do año É un tema que a Alcaldesa lle molestou. Agora fará todo para botar a xente contra nós.

(AC) Despois de todas as xuntanzas que tivemos cos empresarios dinnos que agora teñen mellor seguridade xurídica para as súas empresas; "agora sabemos canto nos custa a renda anual e antes non o sabíamos".

**Debe entenderse entón que a alcaldesa non ten comunicación directa con vós?**

(AC) Noméame moitas veces nos plenos pero non hai comunicación. Xa dixo nunha reunión, "coa Comunidade de Montes, nunca. Declarámola Comunidade 'non grata". A todo isto, qué ten que falar ela con nós, se a negociación é entre os empresarios e nós?

**Cal é o papel actual do Concello?**

(AC) O Concello non ten nada que ver. Nós subrogámonos nas condicións anteriores. Informamos aos empresarios que a partir do 1º de setembro de 2016, somos os arrendadores novos. E as condicións son as mesmas porque a xustiza obrigounos a respectar todos os acordos asinados co Concello. Só que agora cambiou o arrendador.

(CL) Debe quedar claro que nós non cambiamos en absoluto as condicións que viñan disfrutando os empresarios de Monte Faquiña. Nós, simplemente, estamos actualizando unha vez que vaian rematando os actuáis contratos.

**Pensaron nun posible pelotazo urbanístico?**

(AC) Algo deixou ver a Alcaldesa o outro día no pleno cando dixo que "daba un ano para cambiar isto". Pode que estea pensando lexislar en contra do que hai establecido por lei.

**Terá que ver coa relación que mantén a Alcaldía coa Presidencia do Celta de Vigo?**

(AC) Cecais, pero os empresarios decántase que non gañan nada poñéndose na nosa contra. Todo o contrario. Algúns deles dinnos "a nós fainos unha publicidade negativa todo este problema".

(CL) A Alcaldesa sacou dúas notas de prensa en diarios importantes sobre a empresa ElMar. Anunciaba que esa empresa se deslocalizaría a Portugal pola nosa culpa. Obviamente, nós fixemos as correspondentes xestións; falamos coa xerente da empresa quen nos asegurou que non había nada diso; polo contrario, anunciounos que ese tipo de publicidade non lles reportaba ningún beneficio.

**Pero esa información sobre a suposta marcha a Portugal da empresa ElMar está afectando a Monte Faquiña?**

(AC) Agora mesmo temos cero naves baleiras. O que si temos é unha lista de espera de empresas que están pendentes de aqueles contratos que venzan e que o arrendado non queira renovar, pois eles están interesados. E tamén queremos ampliar o polígono.

(CL) Non hai ningunha empresa que marchara a Portugal.

(AC) Hai outros parques industriais no Concello de Mos, como Sanguiñeda, onde hai sitio para as empresas. Por qué nos os levan para alí? Se non van será polo prezo, entón nós non somos os caros.

(CL) Se as vantaxes foran tan evidentes e fora aquelo unha panacea, non só sería o problema de Monte Faquiña senón que marcharían doutros lados. Habería un éxodo empresarial e non terían sitio onde metelas.

**Cal é o futuro urbanístico que a Comunidade de Montes ten previsto para o Monte Faquiña?**

(AC) Hai varios proxectos, como reducir o tráfico pesado de camións, entre outros. Pero aínda que nós ofrecemos alternativas, é a administración a que decide.

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

# Os froitos secos, tema principal das II Xornadas de Oportunidades de Desenvolvemento no Medio Rural de Mondariz

As II Xornadas de Oportunidades organizadas para o 6 de novembro no Centro Social de Mondariz, xirarán arredor dos froitos secos e, en concreto, do cultivo da abelá para a súa comercialización e transformación produtiva. Ao igual que na primeira edición –realizada en 2019 arredor da fruticultura e os produtos derivados da mazá, como a sidra–, as xornadas contarán coa participación de persoas de referencia no sector, tanto no ámbito da investigación como no do desenvolvemento de negocios e mercados.

Organizadas pola Concellería de Desenvolvemento Económico e Turismo que dirixe o alcalde, Xosé Emilio Barros, ten o obxectivo estratéxico de promover iniciativas de recuperación de terras abandonadas e valorar as oportunidades de emprendemento que ofrece a contorna.




Ás 10 será a primeira das ponencias, a cargo de Francisco Javier Silva Pando, xefe do departamento de Ecosistemas Forestais do Centro de Investigación Forestal de Lourizán, que introducirá o tema dos froitos secos en Galicia.

Ás 12 está prevista unha ponencia de Pedro Álvarez Durán, director de operacións e planta da empresa El Nogal, sobre a transformación, o envasado e a comercialización dos froitos secos. As 5 da tarde a ponencia será a cargo de Juan Carlos García, técnico no centro de investigación Serida (Servizo Rexional de Investigación e Desenvolvemento Agroalimentario de Asturias), que tratará sobre o cultivo de abelá. Rematará Manuel Álvarez, promotor adicado á produción de abelá na comarca da Paradanta, que compartirá a súa experiencia de plantación de abeleiras para froito en Crecente. Ao remate haberá unha degustación de froitos secos e produtos derivados da abelá.

O Concello de Mondariz está comprometido cun desenvolvemento socioeconómico sostible do medio rural e nos últimos anos ten acollido varias xornadas formativas e informativas sobre as oportunidades de desenvolvemento agrogandeiro.

